

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

838 *Orde APA/21/2021, do 19 de xaneiro, pola que se modifican varias ordes en materia pesqueira e o anexo I do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de lecer en augas exteriores.*

O Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, ten como obxectivo fundamental garantir que as actividades da pesca e da acuicultura sexan sustentables ambientalmente a longo prazo e se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimenticios. Para iso, dispón de instrumentos de xestión como a fixación de posibilidades de pesca asignadas aos Estados membros, que garantirán a estabilidade relativa de cada un deles en relación con cada poboación de peixes ou pesqueira, así como tamén a fixación dos totais admisibles de capturas (TAC) das diferentes especies pesqueiras ou o establecemento de plans de xestión e recuperación conforme os artigos 9 e 10.

Igualmente, o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, fixa as medidas de conservación e explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños que poderán establecerse para alcanzar o obxectivo fundamental da política pesqueira común. En concreto, o artigo 7.1.b) permite o establecemento de obxectivos para a conservación e para a explotación sustentable das poboacións e as medidas conexas para minimizar a repercusión da pesca no medio mariño, mentres que o artigo 7.1.j) permite adoptar diversas medidas técnicas, entre as que se atopan as vedas zonais ou temporais, para os efectos de conservación.

Pola súa parte, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos seus artigos 7, 8 e 9, para ditar normas para a conservación e a mellora dos recursos pesqueiros, mediante medidas de regulación directas, a través da limitación do esforzo de pesca, ou indirectas, mediante a limitación do volume de capturas.

Así mesmo, a citada lei determina no seu artigo 12 que, co obxecto de protexer, conservar e recuperar os recursos pesqueiros e logo de informe do Instituto Español de Oceanografía, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer fondos mínimos, zonas ou períodos de veda en que se limite ou se prohíba o exercicio das actividades pesqueiras ou a captura de determinadas especies, así como adoptar aquelas outras medidas que se consideren necesarias. Por outro lado, o artigo 36 faculta, igualmente, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para establecer medidas específicas para a pesca recreativa nas augas exteriores por razón de protección e conservación dos recursos pesqueiros e co fin de que esta non interfira ou prexudique a actividade pesqueira profesional. Entre outras, as ditas medidas poderán consistir no establecemento de vedas temporais ou zonais.

Neste marco normativo ditáronse unha serie de ordes reguladoras do exercicio da pesca marítima en augas exteriores con respecto das que a experiencia puxo de manifesto a necesidade de incorporar algúns cambios e melloras puntuais.

O artigo 9 da Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, determina que os plans de pesca das modalidades de cerco, determinadas artes fixas, arrastre de fondo, volanta e rasca do citado caladoiro nacional do cantábrico e noroeste en augas exteriores se regulan con base no indicado nos anexos I, II, III e IV.

En concreto, o anexo II regula diversos plans de pesca de artes fixas de enmalle, entre as que se atopan a volanta e a rasca, para, entre outras, as provincias marítimas de Gipuzkoa e Bizkaia. Por outro lado, o anexo IV establece limitacións ao exercicio da pesca con determinadas artes fixas, volanta e rasca, entre elas, en determinadas zonas do litoral, entre as que se inclúen a costa de Bizkaia e Gipuzkoa. Entre estas hai vedas para a volanta e a rasca que comprenden unha área distinta ao tomar como referencia diferentes distancias á costa. Estas limitacións tamén están contidas no citado anexo II. Convén pois, clarificar a redacción de ambos os anexos co fin de evitar duplicidades, así como unificar conceptos e puntos de referencia. Por outro lado, por cuestións de ordenación da actividade entre as distintas artes na zona, é conveniente igualmente unificar a distancia á costa para ambas as vedas, tanto para a arte de rasca como para a arte de volanta. Con este cambio mellórase a comprensión dos operadores e simplifícase o ordenamento.

Así mesmo, o anexo IV recolle no seu punto segundo unha reserva de uso exclusivo para o exercicio da pesca de robaliza con arte de pincho-cana, durante todo o ano, nunha zona acoutada na contorna do cabo Peñas. A razón da creación desa zona foi a de protexer un recurso como a robaliza cuxo estado biolóxico recomenda establecer certas limitacións para a súa captura que tendan a unha diminución do esforzo pesqueiro global exercido sobre ela, considerando, ademais, que non está incluída no réxime dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas. Cabe engadir que, deste xeito, se complementan as medidas que levan algúns anos adoptándose no ámbito da Unión Europea. Transcorridos uns anos desde a posta en marcha desta medida e constatada a actividade da pesca recreativa na dita zona de protección, procede prohibir a pesca recreativa dentro da zona acoutada co fin de protexer o recurso biolóxico do incremento de esforzo que a dita actividade pode supoñer, polo que se modifica o anexo I do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores, ao abeiro da súa disposición derradeira segunda. Non obstante, para facilitar a actividade dos buques recreativos na contorna do cabo Peñas, considérase conveniente e adecuado revisar as coordenadas, acoutar así a zona polo sur e reducir, dese xeito, a súa extensión.

Así mesmo, a Orde APM/920/2017, do 22 de setembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos das frots de altura, grande altura e buques palangreiros maiores e menores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste, fixa, no seu artigo 10, as condicións para a actividade pesqueira con artes de palangre de fondo dirixida a especies demersais non sometidas a TAC e cotas na área CIEM VIII abd. En concreto, remite ao anexo V para autorizar a uns buques determinados a dita actividade, buques que, ben que son palangreiros ou poden acceder a un cambio temporal a esta modalidade, non son obxecto da propia Orde APM/920/2017. O feito de que esa lista nominativa de buques apareza nun anexo da orde fai que a súa modificación requira dun cambio da norma. Comprobouse que algúns destes buques hai tempo que non fan uso das autorizacións estipuladas no citado artigo 10 e bloquean ao mesmo tempo o acceso a outros barcos palangreiros de xeito que impiden o máximo aproveitamento do número total de autorizacións para o tipo de actividade regulada. Convén, por tanto, modificar o citado artigo 10 e habilitar a Dirección Xeral de Pesca Sustentable para que outros buques distintos dos enunciados no anexo V poidan substituír algún deles, en atención á natureza non normativa do dito anexo. Por outro lado, convén adaptar o artigo 3.5 á redacción dada ao artigo 5 polo punto tres da disposición derradeira cuarta da Orde AAA/315/2020, do 1 de abril, para asegurar a concordancia interna da norma.

Pola súa parte, a Orde APM/605/2018, do 1 de xuño de 2018, establece un plan de xestión e recuperación para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas (8c e 9a) do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM). En concreto, no seu artigo 4 fixa unha regra de explotación que determina o nivel de capturas anual que poden levar a cabo as frots de España e Portugal.

O estado actual do *stock* da sardiña ibérica continúa a ser preocupante, ben que os plans postos en marcha desde o ano 2014 permitiron empezar a percibir signos claros de recuperación, detendo o declive da biomasa, que aumentou. Esta melloría foi, ata o momento, confirmada polos datos das últimas campañas de investigación. A pesar diso, o CIEM continúa a considerar que esa tendencia debe consolidarse ao longo das próximas campañas e que resulta conveniente, por agora, manter a explotación do *stock* de sardiña nun contexto de baixa produtividade, o que determina uns valores pobres de recrutamento, e este é un dos factores que explican o declive dos últimos anos.

Estas circunstancias levaron o Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) a reavaliar en 2019 os valores de referencia de biomasa de reprodutores e de mortalidade por pesca. De acordo con estes novos valores, a citada regra de explotación que se veu utilizando ata agora e que se recolle na citada Orde AAA/605/2018, do 1 de xuño, perdeu vixencia e é necesario adaptala a eses novos valores e, polo tanto, á nova realidade do *stock*. Nestas circunstancias, o Reino de España e a República de Portugal solicitaron a avaliación por parte do CIEM de varias regras de explotación modificadas como alternativa respecto da contida na Orde APM/605/2018, do 1 de xuño, e de todas elas a denominada como HCR12 era a que permitía as maiores capturas entre todas as analizadas e é cualificada ademais como precautoria. Ao aplicar esta regra de explotación considérase que a biomasa dos exemplares que pasan a adultos cada ano (B1+) se pode recuperar por riba do valor de Blim en 2021 cun 50 % de probabilidade e en 2031 cun 95 % de probabilidade.

Por iso, procede modificar a Orde APM/605/2018, do 1 de xuño, e cambiar así a regra de explotación para adoptar esta nova regra avaliada, en consonancia coa situación actual do *stock*.

Por último, a Orde AAA/315/2020, do 1 de abril, pola que se establecen criterios de xestión das posibilidades de pesca asignadas ao Reino de España e se modifican determinadas ordes ministeriais que regulan a actividade pesqueira das frotas que fan uso delas, regula certas cuestións que afectan a xestión da actividade dos buques dos censos do Cantábrico e Noroeste, ao mesmo tempo que na súa disposición derradeira primeira modifica algúns artigos da Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro. Neste sentido constatouse que existen certas contradicións entre ambos os textos en vigor, polo que resultan necesarias algunhas modificacións adicionais ás xa indicadas na Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro. Tamén se comprobou que cómpre a corrección dunha errata na Orde AAA/315/2020, do 1 de abril.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase o proxecto na necesidade de preservar os recursos mariños e de manter a coherencia dentro do ordenamento xurídico ao eliminar as incongruencias xeradas a raíz da publicación da Orde AAA/315/2020, do 1 de abril, e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible para alcanzar os seus obxectivos. O principio de seguridade xurídica garántese ao establecer nunha disposición xeral as novas modificacións en coherencia co resto do ordenamento xurídico. Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia foron consultadas durante a tramitación da norma as comunidades autónomas afectadas, as entidades representativas dos sectores afectados, e realizouse o trámite de audiencia e de información pública. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido tendo en conta que non se impoñen novas cargas administrativas fronte á regulación actual que acometen as normas modificadas. Por último, solicitouse informe ao Instituto Español de Oceanografía (IEO).

A presente orde dítase de conformidade co establecido nos artigos 12 e 31 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo un. *Modificación da Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.*

A Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, queda modificada como segue:

Un. O último parágrafo do artigo 2.3 queda redactado como segue:

«Só os buques que figuren no censo por modalidade e caladoiro e que estean de alta e co diario electrónico a bordo operativo, cando este sexa obrigatorio, poderán facer uso das súas cotas.»

Dous. A alínea d), ambos os parágrafos, do artigo 2.8, queda redactada como segue:

«d) Para os anos sucesivos, a distribución farase anualmente antes do 1 de febreiro por resolución da Secretaría Xeral de Pesca publicada no «Boletín Oficial del Estado» en función das posibilidades de pesca de que dispoña cada buque en 1 de xaneiro do ano en cuestión, sobre a base das transmisións definitivas realizadas ata o 31 de decembro do ano anterior.»

Tres. O artigo 7.3.b).2.º queda redactado como segue:

«2.º En aplicación do artigo 5 da Orde APA/315/2020, do 1 de abril, pola que se establecen criterios de xestión das posibilidades de pesca asignadas ao Reino de España e se modifican determinadas ordes ministeriais que regulan a actividade pesqueira das frotas que fan uso delas.»

Catro. O artigo 7.4.c).2.º queda redactado como segue:

«2.º En aplicación do artigo 5 da Orde AAA/315/2020, do 1 de abril.»

Cinco. O anexo II queda redactado como segue:

«ANEXO II

Plan de pesca para determinadas artes fixas de enmalle nas provincias marítimas de Xixón, Santander, Gipuzkoa e Bizkaia

1. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente plan de pesca ten por obxecto regular determinadas pesqueiras locais das provincias marítimas de Xixón, Santander, Gipuzkoa e Bizkaia.

Será de aplicación aos buques de pavillón español que, estando rexistrados no Rexistro de Buques Pesqueiros, se encontren incluídos nos censos de volanta, rasca ou artes menores, segundo corresponda, do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste e que exerzan a pesca nas augas exteriores do mencionado caladoiro comprendidas entre a liña marítima fronteiriza con Francia e o meridiano 005º 17,7' (cabo Lastres) na franxa de 12 millas medidas desde as liñas rectas de base ou desde terra ou costa pero sempre con excepción da franxa de augas interiores.

En todo o non previsto aquí aplicarase o Real decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.

2. Artes e aparellos incluídos no plan de pesca.

Considérase incluída neste plan de pesca a que se exerce coas seguintes artes de enmalle fixas ao fondo, que localmente reciben a denominación xenérica de «redes costa»:

Artes menores:

- 1) Veta (tamén denominadas volantillas ou mallabakarra).
- 2) Vetillas.
- 3) Trasmallo.
- 4) Miños.

3. Dimensións das artes e aparellos.

a) As dimensións das artes, as das súas mallas, os tamaños das especies obxectivo e as porcentaxes correspondentes axustaranse ao disposto no Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os regulamentos (CE) 2019/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello e os regulamentos (UE) 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) 894/97, (CE) 850/98, (CE) 2549/2000, (CE) 254/2002, (CE) 812/2004 e (CE) 2187/2005 do Consello.

b) As dimensións máximas das artes e os tamaños mínimos das mallas serán, igualmente, conformes cos establecidos no Real decreto 410/2001, do 20 de abril.

c) Non obstante o anterior, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do mencionado real decreto:

1.º Nas augas comprendidas entre a liña marítima fronteiriza con Francia e o meridiano 003º 08,8' W a malla mínima autorizada para as artes de veta ou mallabakarra será de 53 mm.

2.º Nas augas comprendidas entre os meridianos 003º 08,8' W e 005º 17,7' (cabo Lastres) a malla mínima autorizada será de 50 milímetros para as seguintes especies: salmonetes (*Mullidae*), boga (*Boops boops*), lábridos (*Labridae*), gambas (*Penaeus spp*), mantis (*Squilla mantis*), xurelo (*Trachurus spp*), xarda (*Scomber scombrus*), faneca (*Trisopterus luscus*), sepias (*Sepia spp*) e escachos (*Triglidae*).

4. Normas de calamento.

a) Artes menores de enmalle (vetas, vetillas, miños e trasmallo).

1.º Só se poderá efectuar un lance ao día.

2.º As artes non poderán permanecer caladas durante a noite, a excepción dos miños nas provincias marítimas de Xixón, Santander, Gipuzkoa e Bizkaia.

3.º Nas provincias marítimas de Xixón e Santander a pesca con vetas poderá exercerse en augas exteriores gardando unha separación de 100 metros das liñas de base recta ou 10 metros de profundidade. Así mesmo, as ditas artes deberán ser retiradas do seu calamento durante corenta e oito horas continuadas por semana e transportadas a porto.

4.º Na provincia marítima de Bizkaia a veta calarase unha vez ao día, a partir das 5 horas da madrugada no outono e no inverno e a partir das 3 horas da madrugada na primavera e no verán.

5.º Na provincia marítima de Gipuzkoa a veta calarase unha vez ao día, ben á alba ou ben pola tarde.

6.º Non obstante, nas provincias de Gipuzkoa e Bizkaia, para as que teñan malla mínima igual ou superior a 90 mm e menor a 120 mm o tempo máximo de inmersión non poderá exceder as 24 horas.

5. Especificidades do plan de pesca para Gipuzkoa.

a) Estas especificidades serán de aplicación nas augas comprendidas entre punta Saturrarán en lonxitude 002º 24,7' W e a liña marítima fronteiriza con Francia.

b) A lonxitude máxima das artes menores de enmalle autorizadas medidas de puño a puño, segundo a eslora dos buques será a seguinte:

1.º 3.000 metros, para os buques inferiores a 10 metros de eslora entre perpendiculares.

2.º 4.500 metros, para os buques iguais ou superiores a 10 metros de eslora entre perpendiculares.

6. Especificidades do plan de pesca para Bizkaia.

a) Estas especificidades serán de aplicación nas augas comprendidas entre punta Saturrarán en lonxitude 002º 24,7' W e o meridiano de lonxitude 003º 08,8' W.

b) Regulación da pesca por segmentos de litoral:

1.º Autorízase o uso de vetas, miños e trasmallos de ata 54 brazas náuticas de fondo sobre baixamar escorada.

2.º Non obstante o anterior, na zona delimitada entre os meridianos 002º 56'1 W (cabo Billano) e 002º 35'0 W (Ea), no período comprendido entre os días 1 e 31 de marzo, ambos incluídos, só se poderán utilizar as artes a que se refire o punto anterior en fondos inferiores a 40 brazas náuticas sobre baixamar escorada.

7. Vedas temporais.

Poderán establecerse períodos de paralización temporal da actividade pesqueira, en función da evolución da pesqueira en cada campaña de pesca. Estas paradas poderán, se for o caso, ser obxecto de financiamento con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.»

Seis. O número 1 do anexo IV queda redactado como segue:

«1. Volanta e rasca.

O tempo máximo de inmersión das artes da volanta non poderá exceder as 24 horas e, no caso da rasca, o dito tempo será como máximo de 72 horas.

Queda prohibido exercer a pesca coas artes de volanta e de rasca nas zonas seguintes:

a) Con carácter permanente durante todo o ano:

1.º Para a arte de volanta e rasca nas augas comprendidas entre punta Saturrarán (02º 24,7' W) ata a desembocadura do Bidasoa, por dentro da liña de 12 millas medidas desde terra ou costa, con excepción da franxa de augas interiores.

2.º Na denominada «Resueste», delimitada polos seguintes puntos:

A: 43º 39'5 N 005º 00'0 W

B: 43º 39'0 N 004º 53'0 W

C: 43º 36'0 N 005º 00'0 W

D: 43º 36'0 N 004º 53'0 W

3.º Na delimitada polos meridianos de punta de la Vaca e cabo Vidio e o paralelo 43º 45' norte.

4.º Na coñecida comunmente por «O'Canto», na provincia marítima de Vilagarcía, entre os meridianos 9º 20' e 9º 27' oeste e os paralelos de 42º 18' e 42º 31' norte.

5.º Na delimitada polos meridianos 005º 07'6 W e 004º 30'6 W e a liña de costa e a liña de 2,5 millas desde terra polo norte.

b) Con carácter temporal:

1.º Desde o 1 de novembro ata o 31 de maio de cada ano na zona delimitada pola liña que a seguir se describe: desde o punto situado en punta de la Vaca seguindo cara ao norte ata o paralelo de 43º 45' norte; continuando cara ao oeste ata o meridiano de 5º 55' oeste; seguindo cara ao norte ata o paralelo de 44º 01' norte; seguindo cara ao leste ata o meridiano de 5º 41' oeste e, finalmente, dirixíndose cara ao sur ata a costa.

2.º Desde o 1 de xaneiro ao 31 de maio, exclusivamente para a arte de volanta, na área entre as 5 millas e o límite norte, delimitado polos seguintes puntos:

- A: 43º 41'0 N 005º 07'6 W
- B: 43º 39'5 N 005º 00'0 W
- C: 43º 36'0 N 005º 00'0 W
- D: 43º 36'0 N 004º 53'0 W
- E: 43º 37'0 N 004º 53'0 W
- F: 43º 33'8 N 004º 30'6 W

3.º Desde o 2 de marzo ao 31 de agosto na área delimitada pola liña que une os seguintes puntos:

- A: 43º 48,0' N 005º 51,0' W
- B: 43º 44,0' N 005º 22,0' W
- C: 43º 36,0 N 005º 22,0 W
- D: 43º 43,0 N 005º 51,0 W

4.º Desde o 1 de novembro ata o 30 de abril nas augas comprendidas entre punta Saturrarán, en lonxitude 002º 24,7' W, e o meridiano de lonxitude 003º 08,8' W por dentro da liña de 10 millas medidas desde terra ou costa, con excepción da franxa de augas interiores.

5.º Desde o 1 de maio ata o 31 de outubro nas augas comprendidas entre punta Saturrarán, en lonxitude 002º 24,7' W e o meridiano de lonxitude 003º 08,8' W por dentro da liña de 12 millas medidas desde terra ou costa, con excepción da franxa de augas interiores.

6.º Poderán establecerse períodos adicionais de paralización temporal da actividade pesqueira en función da evolución da pesqueira en cada campaña de pesca.

7.º Estas paradas poderán, se for o caso, ser obxecto de financiamento con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.»

Sete. O número 2.a.1.º do anexo IV queda redactado como segue:

«1.º Entre o meridiano de cabo Billano, en lonxitude 2º 56' 785" W (Plentzia), e o da punta de Santa Catalina, 2º 30' 621" W (Lekeitio), dentro da liña de doce millas paralela ás liñas de base recta próximas, desde o 1 de maio ata o 31 de outubro. Desde o 1 de novembro ata o 30 de abril, e entre os mesmos meridianos, límitase a dentro da liña de dez millas paralela ás liñas de base recta próximas. Non obstante, en ambos os casos e durante todo o ano, as artes menores poderán exercer a pesca sempre que non calen as artes a profundidades maiores de 54 brazas náuticas.»

Oito. O número 2.b do anexo IV queda redactado como segue:

«b) Queda reservado en forma exclusiva o exercicio da pesca de robaliza con arte de pincho-cana durante todo o ano na zona delimitada polos seguintes puntos:

A: 43° 40'6 N 005° 52'4 W

B: 43° 40'6 N 005° 51'3 W

C: 43° 40'00 N 005° 51'3 W

D: 43° 40'00 N 005° 52'4 W

Así mesmo, conforme o Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores, na citada zona non se poderá exercer a pesca recreativa.»

Artigo dous. *Modificación da Orde APM/920/2017, do 22 de setembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores e menores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste.*

Modifícase a Orde APM/920/2017, do 22 de setembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores e menores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste, nos termos seguintes:

Un. O artigo 3.5 queda redactado como segue:

«5. A pesar da unificación dos censos prevista no artigo 2.2, os buques que procedan do censo de frota de palangreiros menores de 100 TRB que poden pescar na zona CIEM VIII abde non poderán acceder a posibilidades de pesca nin esforzo das zonas VI e VII mediante transmisións temporais por tempo superior a un ano ou definitivas, tal e como se prevé nos artigos 6 e 7.»

Dous. O artigo 10.2.b) queda redactado como segue:

«b) Buques das modalidades de palangre de fondo ou artes menores (que previamente teñan concedido un cambio temporal de modalidade a palangre de fondo) do Cantábrico Noroeste, incluídos na lista do anexo V. Non obstante, e logo de solicitude dos interesados, no caso de que algún deses buques non faga uso da autorización do número 1, a Dirección Xeral de Pesca Sustentable poderá autorizar excepcionalmente outro buque dalgún dos censos e caladoiro indicados a faenar durante un período limitado de tempo, sen que por iso se altere o contido do anexo V. Na resolución indícarase o buque da lista do anexo V que non vai exercer o seu dereito temporalmente, así como o buque que poderá faenar excepcionalmente e durante que prazo, que non poderá ser superior a un ano.»

Artigo tres. *Modificación da Orde APM/605/2018, do 1 de xuño, pola que se establece un plan de xestión e recuperación para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas (8c e 9a) do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM).*

O artigo 4 da Orde APM/605/2018, do 1 de xuño de 2018, pola que se establece un plan de xestión e recuperación para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas (8c e 9a) do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM), queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 4. *Regra de explotación.*

As capturas máximas anuais de sardiña feitas por todas as frotas que pescan nas zonas CIEM 8c e 9a determinaranse polo seguinte modelo:

1. Se a biomasa do *stock* (B1+) no comezo do ano para o que o CIEM fixa a recomendación de capturas está por baixo de 112.900 toneladas, a mortalidade por pesca será 0.

2. Se a biomasa do *stock* (B1+) no comezo do ano para o que o CIEM fixa a recomendación de capturas está nuns valores entre 112.900 e 196.334 toneladas (Blim), as capturas serán fixadas de acordo cun valor de mortalidade por pesca que se incrementará linealmente desde 0,046 ata 0,064.

3. Se a biomasa do *stock* (B1+) no comezo do ano para o que o CIEM fixa a recomendación de capturas está por riba de 196.334 toneladas (Blim), as capturas serán fixadas de acordo cun valor de mortalidade por pesca de 0,064».

Artigo catro. *Modificación da Orde APA/315/2020, do 1 de abril, pola que se establecen criterios de xestión das posibilidades de pesca asignadas ao Reino de España e se modifican determinadas ordes que regulan a actividade pesqueira das frots que fan uso delas.*

O primeiro parágrafo do artigo 9.3 da Orde APA/315/2020, do 1 de abril, pola que se establecen criterios de xestión das posibilidades de pesca asignadas ao Reino de España e se modifican determinadas ordes que regulan a actividade pesqueira das frots que fan uso delas, queda redactado nos termos seguintes:

«3. Sen prexuízo da posibilidade de exixir responsabilidade conforme o disposto no artigo 15 da presente orde, nas pesqueiras en que as posibilidades de pesca se repartan de forma individual, a superación das cotas asignadas comportará a dedución do dito exceso das cotas que se asignen no exercicio seguinte, de acordo cos coeficientes multiplicadores previstos no artigo 105 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009».

Artigo cinco. *Modificación do anexo I do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores.*

O anexo I do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores, queda modificado como segue:

Modifícase a fila relativa á especie *Dicentrarchus labrax* do anexo I, que queda redactada da seguinte maneira:

« <i>Dicentrarchus labrax</i> (salvo na zona recollida no anexo IV.2.b) da Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste).	Robaliza, róballo	BSS»
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------	------

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de xaneiro de 2021.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.